

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**11804** *Real decreto 952/2014, do 14 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

O Real decreto 1586/2012, do 23 de novembro, polo que se modifican determinados artigos do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, introduciu unha nova disposición transitoria, a segunda, polo que se renomeou, en consecuencia, a disposición transitoria única, que pasou a ser a primeira, na cal se establecían cunha vixencia temporal de dous anos desde a entrada en vigor do Real decreto 1586/2012, do 23 de novembro, a aplicación de determinadas regras, en lugar dos artigos 3, 4, 13 e 14 do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, referidos ás condicións das baixas para a construción ou modernización de buques pesqueiros, a tramitación das solicitudes e as consecuencias sobre a anulación ou modificación do expediente. Todo isto dirixido a flexibilizar as condicións para estes fins e fomentar a reactivación do sector pesqueiro co fin de permitir que os armadores con expedientes que se visen paralizados polas dificultades derivadas da crise económica non perdan os seus dereitos sobre os barcos achegados como baixa.

O sector pesqueiro solicitou a ampliación do prazo ante as dificultades para encontrar as baixas correspondentes ás súas necesidades e co fin de finalizar as accións preliminares encamiñadas á presentación dos proxectos correspondentes e así se explicitou nos seus informes.

Por outra parte, non se chegaron a cubrir as expectativas de utilización do arqueo e potencia previstos inicialmente, debido a que moitos dos activos pesqueiros teñen cargas que se deben liberar.

Estas expectativas de novas construcións, modernizacións e regularizacións de expedientes de buques pesqueiros, que supoñen un incremento de actividade nos pequenos e medianos estaleiros con creación de riqueza e carga de traballo neles, crea unha mellora das expectativas económicas xerais para o sector pesqueiro.

Próximo a se cumprir o prazo de dous anos previsto, a complexidade dos trámites para a normalización da situación no sector pesqueiro persiste e faise aconsellable prorrogar polo prazo dun ano a aplicación temporal das medidas contidas na disposición transitoria segunda do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e o sector pesqueiro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de novembro de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

Modifícanse o título e o primeiro parágrafo da disposición transitoria segunda do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, que quedan redactados como segue:

«Disposición transitoria segunda. *Medidas de aplicación temporal por tres anos.*

Cunha vixencia temporal de tres anos desde a entrada en vigor do Real decreto 1586/2012, do 23 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, serán de aplicación as seguintes regras, en lugar dos actuais artigos 3, 4, 13 e 14:»

**Disposición derradeira primeira.** *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para que, no ámbito das súas competencias, dite as normas oportunas para o desenvolvemento do contido deste real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA